

Co obxectivo de fomentar as iniciativas de protección do territorio, a Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas–Betanzos, xunto coa Fundación Fragas do Mandeo, organiza a *VIII Semana de Custodia do Territorio nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo*, na que se desenvolverán conferencias e accións de voluntariado ambiental.

Esta oitava edición ten o propósito de lembrar o grave risco de extinción no que se atopan determinadas especies de fauna na nosa bisbarra. Se queremos ser eficaces nas accións de conservación do patrimonio natural, precisamos coñecer as especies ameazadas, os hábitats que ocupan e os procesos que as teñen condenado a desaparecer de non acometerse decididamente medidas para evitalo. Investigadores e especialistas procedentes de distintos ámbitos vanse centrar en catro especies: un paxariño, a escribenta das canaveiras, e tres réptiles, o galápagos europeo, a lagartixa da serra e a saramaganta.

Fragas do Mandeo é unha entidade de custodia do territorio non gobernamental e non lucrativa. Ten creado o fondo de conservación da natureza da comarca de As Mariñas, que lle permite adquirir fincas de interese ambiental para a protección a perpetuidade dos hábitats naturais. Deste xeito, coida da paisaxe e dos bosques, asegurando un futuro para as especies de animais e plantas que conforman a biodiversidade destes ecosistemas.

A Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas–Betanzos é unha organización sen ánimo de lucro constituída no ano 2008 coa finalidade de agrupar ás entidades interesadas en promover o desenvolvemento rural no territorio das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Xestiona actualmente o Programa LEADER 2014-2020 e acadou no ano 2013 a declaración de reserva da biosfera para a comarca.

XORNADA DE CHARLAS

SÁBADO 14-9-2019

Citas coa extinción da fauna mariñán

Salón Azul do Liceo de Betanzos

Presentación

9:30

D^a. María Barral, alcaldesa de Betanzos

D. José Antonio Santiso, presidente da Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos

D. Fernando Bandín, presidente do padroado de Fragas do Mandeo

Nove anos custodiando en As Mariñas

10:00

D. Fernando Bandín, presidente do padroado de Fragas do Mandeo

A través do balance anual das actuacións de custodia do territorio, podemos valorar os nosos avances e as dificultades na conservación do patrimonio natural da bisbarra. Grazas a voluntarios e doadores adquirimos montes para conservar as fragas, creamos microrreservas de flora e fauna, e apadriñamos tramos de ríos e de litoral nos que eliminamos especies exóticas invasoras e recollemos o lixo.

O río sen a saramaganta e sen a lagartixa da serra

10:30

D^r. Pedro Galán, profesor e investigador da Universidade da Coruña

A crise climática está a afectar a moitas especies, pero as que a sofren en maior medida son aquelas especialmente sensibles ós cambios no seu hábitat. Unha recente investigación realizada no río Mandeo estableceu o impacto que vai ter na saramaganta e na lagartixa da serra, reducindo e fragmentando as súas poboacións. Se queremos conservarlas teremos que mellorar o seu hábitat.

Pausa

11:30

Estrañando o galápagos europeo na ría

12:00

D. César Ayres, da Asociación Herpetológica Española

A localización dun exemplar hai catro anos alimenta a esperanza de que o galápagos europeo aínda habite a nosa ría. Sendo un animal moi discreto pode pasar totalmente desapercibido. Malia terse aprobado un plan de conservación para este sapoconcho, as poboacións galegas están en serio perigo de desaparecer polo deterioro do seu hábitat e a competencia de especies exóticas.

O último voo da escribenta das canaveiras

13:00

D. Emilio Martínez, do Grupo de Anelamento Anduriña

A escribenta das canaveiras iberoccidental está en perigo crítico. Soamente quedan 110 parellas en todo o mundo, 20 delas en Galicia e o resto en Portugal. Os canavais da nosa ría son un hábitat axeitado para a súa reprodución, pero precisan dun entorno idóneo onde alimentarse. A única maneira de salvar a este paxariño é xestionar intelixentemente os seus lugares de cría e de alimentación.

XORNADA DE VOLUNTARIADO

DOMINGO 15-9-2019

Eliminación de invasoras no río Mandeo

As especies exóticas invasoras están consideradas a segunda causa en importancia na perda de biodiversidade global. O río Mandeo non é alleo a este problema, pois padecemos con intensidade no seu curso inferior. No tramo de 6 km que apadriñamos dende 2014 temos eliminado até 14 especies exóticas. Nesta xornada eliminaremos o último foco de tradescantia que queda nel. Situado en Chelo, ameaza con estender río abaixo esta planta de orixe sudamericana. Soamente a través de accións de voluntariado continuadas logramos impedir que as especies exóticas deterioren o hábitat ripario. Contamos cos permisos necesarios para eliminar invasoras.

Ponte en contacto connosco se queres participar.

ECO-REGATA NA RÍA DE BETANZOS

SÁBADO 21-9-2019

Competición lúdica de embarcacións recollendo lixo na xunqueira

Nesta sexta edición continuaremos limpando a ría, percorrendo novas zonas de marisma. Non competiremos por ser o máis veloz: a rivalidade será por coidar a ría. As embarcacións partirán de Betanzos até as proximidades de Souto, onde os equipos participantes desembarcarán para limpar a marxe dereita. Os equipos loitarán por ver cal é o que máis lixo recolle e o que atopa o residuo máis singular. Xuntarémonos ás 16:00 da tarde para embarcar no porto de Betanzos, onde á volta haberá comida e bebida para os voluntarios. Colabora o Concello de Betanzos e varias asociacións.

Ponte en contacto connosco se desexas participar. As prazas estarán condicionadas polo número de embarcacións inscritas. No caso de que teñas lancha, avísanos cunha semana de antelación.

XORNADA DE VOLUNTARIADO

DOMINGO 22-9-2019

Limpeza simultánea dos ríos galegos

Celébrase o mesmo día en ríos de toda Galicia coordinada polo Proxecto Ríos, pero nós adiantámola por razóns organizativas. O ano pasado participamos 861 persoas de 70 entidades, retirando máis de 10 toneladas de refugallos en 53 concellos galegos. Invitámosche a participar nesta duodécima edición para recoller todo o lixo que atopemos e localizar algunhas invasoras no tramo medio do río Lambre. Así daremos continuidade á limpeza do ano pasado, onde retiramos 355 kg do seu tramo inferior. Será unha ruta matinal de 2,5 km dende a desembocadura do rego do Anido até a minicentral de Goimil, a través dun bosque diverso que está sufrindo un proceso de deterioro progresivo. Se queremos preservalo, temos que comprometermos na súa conservación.

Ponte en contacto connosco se queres participar.

INDIQUE A ACTIVIDADE NA QUE DESEXA INSCRIBIRSE

- Día 14. Xornada *Citas coa extinción da fauna mariñán*
- Día 15. Voluntariado na eliminación de especies invasoras
- Día 21. Eco-regata na ría de Betanzos
- Día 22. Voluntariado na limpeza simultánea de ríos

Apelidos e nome:

DNI:

Localidade:

Teléfono fixo:

Teléfono móbil:

Correo electrónico:

Profesión:

Institución ou entidade:

Prazas limitadas. Reserva praza enviando o boletín de inscrición a:

correo@fragasdomandeo.org

Tel.: 981 105 903

Non esquezas cancelar a túa reserva no caso de non poder participar nas accións de voluntariado: así nos aforras gastos nos seguros.

Conforme á LOPD, a información recollida relacionada cos datos de carácter persoal non será utilizada para fins que non sexan os estritamente vinculados ao seu cometido, engadindo ademais a absoluta confidencialidade e exclusividade, quedando prohibida a calquera persoa a súa revelación, copia, distribución ou exercicio relacionado co seu contido.

A custodia do territorio é unha fórmula de actuación na que os propietarios e mailos usuarios do territorio implícanse na conservación e no uso dos valores e dos recursos naturais, culturais e paisaxísticos.

A Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, declarada en maio de 2013, ten como obxectivo compatibilizar a conservación dos espazos naturais máis valiosos do territorio co desenvolvemento sostible.



FRAGAS DO MANDEO
Lg. Vilar de Costoia nº 123; 15380 Oza-Cesuras
Tel.: 981 105 903
correo@fragasdomandeo.org
www.fragasdomandeo.org
www.facebook.com/voluntariadomandeo

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS
San Marcos s/n; 15318 Abegondo
Tel.: 981 669 541
info@marinasbetanzos.gal
www.marinasbetanzos.gal

Citas coa extinción Fauna mariñán condenada a desaparecer

Do 14 ó 22 de setembro de 2019
VIII SEMANA DE CUSTODIA DO TERRITORIO NAS MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO



Para os efectos desta campaña enténdese por:
1) **Acordo de custodia do territorio:** pacto suscrito entre propietarios e usuarios do territorio para a conservación, do uso sustentable, da mellora e da restauración do patrimonio natural, da biodiversidade e da xeodiversidade.
2) **Biodiversidade ou diversidade biolóxica:** a variedade dos organismos vivos de calquera fonte, in-

LEI 5/2019, de 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.
TÍTULO I
Disposicións xerais
CAPÍTULO I
Disposicións xerais
Artículo 1. Objeto e ámbito de aplicación
Esta lei ten como obxecto a conservación, a mellora e a restauración do patrimonio natural, da biodiversidade e da xeodiversidade do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
Artículo 2. Principios xerais
Son principios xerais desta lei:
a) o mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos ecosistemas para o benestar humano
b) a conservación da biodiversidade e da xeodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.
As medidas que se adopten para ese fin terán en conta as exigencias económicas, sociais e culturais, así como as particularidades rexionais e locais
c) a utilización ordenada dos recursos para garantir o aproveitamento sustentable do patrimonio natural, en particular das especies e dos ecosistemas, a súa conservación, restauración e mellora e mais para evitar a perda neta da biodiversidade
d) a conservación e a preservación da variedade, a singularidade e a beleza dos ecosistemas naturais, da diversidade xeolóxica e da paisaxe
e) a integración dos requisitos da conservación, do uso sustentable, da mellora e da restauración do patrimonio natural, en particular das especies e dos ecosistemas, no ámbito político, económico e social
f) a presenza da planificación ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística
g) a precaución nas intervencións que poidan afectar o patrimonio natural ou a biodiversidade
h) a garantía da información á cidadanía e a súa formación e concienciación sobre a importancia do patrimonio natural e da biodiversidade, así como a súa participación no deseño e na execución das políticas públicas dirixidas á consecución dos obxectivos establecidos por esta lei
i) a mellora do estado do patrimonio natural e da biodiversidade, así como a súa participación no deseño e na execución das políticas públicas dirixidas á consecución dos obxectivos establecidos por esta lei
j) a prevención dos problemas de cambio climático, a mitigación e a adaptación a el e mais a loita contra os seus efectos adversos
k) a contribución dos procesos de mellora na sustentabilidade do desenvolvemento asociados aos espazos naturais ou seminaturais
l) a participación dos habitantes e das persoas propietarias ou titulares dun dereito de uso dos territorios incluídos nos espazos naturais protexidos, así como a conservación e mellora do patrimonio natural e da biodiversidade que se desenvolvan nos devanditos espazos e nos beneficios que deriven delas
m) o mantemento e a adaptación das poboacións de todas as especies de aves que viven normalmente en estado salvaxe nun nivel que corresponda en particular ás exigencias ecolóxicas, científicas e culturais, tendo en conta as exigencias económicas e recreativas.
Artículo 3. Definicións
Para os efectos desta lei enténdese por:
1) **Acordo de custodia do territorio:** pacto suscrito entre propietarios e usuarios do territorio para a conservación, do uso sustentable, da mellora e da restauración do patrimonio natural, da biodiversidade e da xeodiversidade.
2) **Biodiversidade ou diversidade biolóxica:** a variedade dos organismos vivos de calquera fonte, in-

